


# Raiola

Número 5 • Maio • 2002



ANX GUSTO

...MARIO...U+...LIMIAN...DIA DAS LETRAS GALEGAS...IZ  
**HA** viaxe pola *nosa* **TERRA** • O termalismo en Galicia  
En anaco da nosa **HISTORIA** • 17 • Galegos que fan cami  
**MIGRACIÓN** *DE GALICIA* • **O NOSO CENTRO** • **PÁX**

## Medallas Castelao 2001

O Consello da Xunta de Galicia, aprobou o decreto polo que se conceden as Medallas Castelao correspondentes ó ano 2001.

Así, segundo acordou o Goberno galego, serán distinguidos con este galardón: Amancio Amaro Varela; Ramón Gómez Crespo; Arturo López Domínguez; Juan José Oliveira Vieitez; Fernando Ónega López; Carlos Otero Díaz; Antonio Pol González; Sergio Rábade Romeo; Hipólito Rey Mosquera; e Javier Riera Nieves.

Con esta medalla —creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao, o 28 de xuño daquel ano—, o Executivo autonómico distingue aqueles galegos e galegas que sexan autores dunha obra merecedora do recoñece-

mento do seu pobo, no eido artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta da actividade humana.

Segundo se recolle no decreto de creación deste galardón, a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das devanditas obras é o froito da entrega dunha vida e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e máis no ser dun pobo. Neste sentido, a Medalla Castelao pretende que sirva de exemplo á obra daqueles galegos que deben ser guía para futuras xeracións que queiran seguir engrandecendo a realidade de Galicia.



## Número 5 • Maio • 2002

## SUMARIO

|  |    |
|--|----|
| Limiar   | 4  |
| Adhesión   |    |
| <i>Á construción da Cidade da Cultura de Galicia</i>   | 5  |
| Saúdo do Conselleiro                                   | 6  |
| Día das Letras Galegas                                 |    |
| <i>Frei Martín Sarmiento</i>                           | 7  |
| Loito nas letras galegas                               | 10 |
| Unha viaxe pola nosa Terra                             |    |
| <i>Comarca do Ribeiro</i>                              | 12 |
| <i>O termalismo en Galicia: Balneario de Cortegada</i> | 16 |
| Un anaco da nosa Historia                              |    |
| <i>A etapa castrexa</i>                                | 21 |
| Galegos que fan camiño                                 |    |
| <i>Cándido Pazos</i>                                   | 24 |
| A migración de Galicia a Vitoria                       | 26 |
| O noso Centro  | 29 |
| Topónimos  |    |
| <i>A oliveira en Galicia</i>                           | 33 |
| Curiosidades   | 36 |
| O mito dos homes lobo                                  |    |
| <i>O home lobo de Allariz</i>                          | 37 |
| Páxinas abertas  |    |
| <i>Historias na media noite</i>                        | 43 |
| <i>O segredo do avó</i>                                | 45 |
| <i>Unha viaxe polo Caribe</i>                          | 47 |
| <i>Sueño paradigmático</i>                             | 48 |
| <i>Contos falados</i>                                  | 48 |

**Edita:**

Centro Galego de Vitoria-Gasteiz.  
 C/ Gernikako Arbola, 11  
 01011 Vitoria-Gasteiz  
 Teléfono: 945 27 98 01  
 Fax: 945 27 29 34  
 e-mail: c.gallego@euskalnet.net  
 www.centrogallegovitoria.es.vg

**Presidente:** Ramón Pampín

**Coordinan:**

Vicente Touzón Veiga  
 Alberto Xil Castro

**Portada:** Alberto Xil Castro

**Viñetas:** Fina

**Depósito legal:** VI-279/00

**Colaboran neste número:**

Directiva do Centro  
 Alberto Xil Castro  
 Tomás Veigas  
 Vicente Touzón  
 Félix Ortiz de Zárate  
 Beni Rojo  
 Mónica Calvo  
 Merche Espiño  
 Maeba García Sánchez  
 María Luisa Campillo  
 Rodrigo Martínez  
 Ángela Serna



## Limiar

Damos paso a outro número de Raiola con esta introducción, que nos números precedentes utilizamos como instrumento de chamada, convidando a entrar neste eido que é de todos e tomar parte na revista a aqueles e aquelas que tiveran algo que dicir. Quizais froito desas chamadas fóronse achegando colaboradores (poucos) que axudan a sacar adiante este traballo ¡gracias a todos! Eu sigo a petar nas aldrabas de quen se pare a ler estas primeiras liñas, porque, pobriños de nós, ¡se souberades o moito que precisamos da vosa colaboración! Polo de agora imos andando cara a diante con ilusión, anque sexa paseniñamente.

Sabemos que hai moitas persoas que senten as cousas do Centro, que traballan e colaboran para que este recuncho noso teña vida, que nel se desenrolen diversas actividades culturais e de entretemento que fan que o sintamos máis noso, e sabemos tamén que todo eso é moi importante para que o Centro medre en todos os sentidos e sexa máis atractivo, que turre de nosoutros porque garda ese anaquiño do sabor da nosa terra. Todos facedes un importantísimo labor co voso traballo e as vosas aportacións, prestando atencións e colaborando cos diferentes grupos culturais, traballando polas festas... Que os ánimos non decaian, meus amigos, nesta primavera chea de luz, por onde amosa o sorriso da vida. Miremos ó redor co noso sorriso nos beizos e o corazón aberto.

Lembro que alá polo mes de febreiro, o día 23 concretamente, pasei por Ourense, eran as 5 da tarde, e vista a cidade dende o alto (vindo de Santiago) era un regalo para os sentidos: o sol a piques de caer, a paisaxe sementada de mimosas floridas, contrastando cos verdes incipientes e os ocres, rodeando o núcleo urbano (con esa Ponte do Milenio pendurando riba do Miño), projectando un colorido desbordante e enchendo o aire dese cheiro que se mete no nariz como un bálsamo de paz. Dígovos en verdade que pagou a pena a viaxe só por ver aquilo.

## COLABORADORES



SECRETARÍA XERAL PARA  
AS RELACIÓNS COAS  
COMUNIDADES GALEGAS

Arabako  
Foru Aldundia



Diputación  
Foral de Alava



Ayuntamiento  
de Vitoria-Gasteiz  
Vitoria-Gasteizko  
Udala

### Cidade da cultura de Galicia

O noso apoio a ese proxecto de construír a Cidade da Cultura de Galicia no Monte Gaiás, preto de Santiago.

O gañador do concurso, Peter Eisenman, Comprométese a acabar a obra en catro anos e emplear a pedra do país na súa construción, incluso nos tellados.

Ante a chegada do novo milenio xorde a necesidade de aglutinar toda a Cultura Galega nun novo complexo arquitectónico, que sirva de referente ineludible tanto no presente como no futuro; trátase, pois, de recoller a herdanza dos nosos devanceiros e presentala como o valioso legado que chegou ós nosos días.

Para iso créase unha sólida estrutura que, materializada na Cidade da Cultura de Galicia, sirva para compendiar o pasado e enriquecer o presente coa chegada de novas ideas, que pouco a pouco irán formando o pasado e a historia do futuro.



## Saúdo para a revista do Centro Galego de Vitoria-Gasteiz

Comprácame dispoñer desta oportunidade que me ofrece a revista do Centro Galego de Vitoria, para enviar o meu saúdo persoal a cada un dos galegos pertencentes a esa entidade social e a todos aqueles que residen nesa capital alavesa, que así mesmo é a oficial e representativa de Euskadi, e facelo, ademais, desde a capital de Galicia, Santiago de Compostela, destino e meta dun Camiño que tamén atravesa nun dos seus traxectos algunhas comarcas e fermosos paraxes desa provincia.

O esforzo xeral de todos vosoutros, da vosa comunidade, propiciou que ese voso Centro de Vitoria conte hoxe cunhas instalacións sociais modernas, amplas e axeitadas, que fan que sexa unha das mellores sedes galegas de España. Tal feito, certamente, xusta causa é para que todos vosoutros os sintades satisfeitos e, ó mesmo tempo de seguro que é unha obriga inescusable para un crecente desenvolvemento das actividades e dos quefaceres asociativos.

Aínda que non sin as naturais dificultades que houberon de resolverse, como en calquera empresa humana, esa mesma realidade material e todo o logrado na historia dese Centro ben merecente é dun novo e permanente empuxe do que ningún galego de Vitoria pode afastarse, pois todos e cada un, desde o apaixonamento pola terra natal, sodes necesarios para proseguir engrandecendo a convivencia e as accións desa comunidade. Unha activa participación de todos é o mellor que se pode facer a prol da presenza e proxección de Galicia nesa cidade e nesa provincia. A honra do pasado require un continuado alento de cara ó porvir.

Xuntos, compartindo ilusións, afáns e aspiracións, acadaremos un mellor e máis grande futuro para os nosos pobos, sen que os correspondentes e sinceros fervores por manter as identidades propias rompan ou estraguen unha cooperación xa asentada e vella, tal e como demostra a longa e amigable acollida dos alaveses, nin aminoren ese sentido fraternal dunha cooperación fecunda e cordial.

Agora, cando estas páxinas sinxelas convértense nun voceiro corporativo da vosa comunidade galega, eu quixera deixar moi nidia esa mensaxe de cordial irmandade, tan fonda e claramente demostrada pola mesma historia dese Centro Galego e pola conducta e actitude das súas xentes, que evidenciaron sempre unha postura colaboradora, limpa e aberta, recoñecendo con gratitude os apoios recibidos e esa amizade que nunca faltou.



**Aurelio Miras Portugal**  
**Conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior**

## A Real Academia Galega dedica a Frei Martín Sarmiento o Día das Letras Galegas 2002

Martín Sarmiento vai ter ó fin a homenaxe das Letras Galegas

---

Vicente Touzón Veiga

---

Desde que a Real Academia Galega decidira que os actos oficiais do Día das Letras Galegas se dedicaran este ano a Frei Martín Sarmiento, a Consellería de Cultura comezou a desenvolver un variado programa de actividades para homenaxear a este escritor. Realizará unha curtametraxe de animación para divulgar a figura de frei Martín Sarmiento nos colexios; tamén se publicará un libro e unha fotobiografía sobre este pensador.

Frei Martín Sarmiento é o prototipo do saber enciclopédico do denominado Século das Luces. Foi un grande defensor das ciencias e cultivou as máis variadas investigacións sobre Galicia.

Martín Sarmiento nace en Vilafranca do Bierzo en 1695. A súa infancia transcorre en Pontevedra, onde o seu pai se trasladara a traballar.

Entra na orde beneditina e cursa Artes no mosteiro de Lérez. Ós quince anos marcha para Madrid a vestir o hábito beneditino. Estudará ademais Filosofía no mosteiro de Ireche, e Teoloxía en Salamanca.

Emprende viaxe por terras de Asturias e Galicia, anotando coidadosamente os seus percorridos que serán fonte de noticias, curiosidades e futuras iniciativas. En Asturias, atopámoste nos conventos de Celorio e de S. Vicente de Oviedo, onde coñece a Feijoo, de quen



chegaría a ser un gran defensor.

No ano 1726 traballa afanosamente nos códices do arquivo da Catedral de Toledo, achegándose de preto ó estudio da poesía medieval. Volta a Galicia no ano 1745 e novamente en 1754; prolonga entón a súa estadía interesado, sobre todo, polos temas da natureza: flores, plantas, cunchas e animais.

Sarmiento foi un autor verdadeiramente prolífico, que a penas publicou en vida (*a "Aprobación" á Ilustración Apologética del Theatro Crítico Universal de Feijoo, 1729; un Soneto al impugnador del Theatro Crítico, 1749; a Demostración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal, 1732; e a Dedicatoria na Flora Española de José Quer*), permanecendo boa parte da súa obra inédita. Os máis de setenta traballos da súa bibliografía impresa —unha mínima parte dos manuscritos— son

pois póstumos. Os orixinais foron recollidos e copiados polo seu amigo Francisco Dávila, que os reuniu en 17 volumes, hoxe gardados na Biblioteca Nacional. Outra colección foi compilada polo duque de Medina Sidonia e tres dos seus tomos foron doados ó Museo de Pontevedra.

### Vocación de naturalista

«*El estudio de la Historia Natural, decía, trae consigo dulce embeleso que todo lo hace tolerable.*»

O seu estilo foi sempre cualificado de natural polo seu carácter oral.

A paixón de frei Sarmiento pola Natureza quedou reflectida nas súas observacións e estudos de Historia Natural. Nas súas viaxes a Galicia sempre andou pluma en man e chegou a reunir infindos materiais de voces galegas e nomes de plantas.



Abarcou case tódolos campos do saber: Xeografía, Historia, Arqueoloxía, Numismática, Arte, Filoloxía, Literatura, Ciencias Naturais, Matemáticas, Física, Medicina, Socioloxía, etc. A súa figura supuxo a apertura dun novo camiño para o estudio e o ensino, sendo considerado xunto con Feijoo e Jovellanos un dos grandes no campo da didáctica.

Respecto á súa relación con Galicia, sempre sentiu un enorme amor pola súa terra e a súa lingua. Sen embargo deixou moi poucos textos escritos en galego: unha conversa versificada (as Coplas de Perucho e Maruxa) e anacos soltos en tratados e cartas. Para o finxido autor das Coplas adoptou

o nome de Marcos da Portela, que logo se convertería no título do primeiro xornal en galego, dirixido por Lamas Carvajal. Como gran defensor do idioma galego propuxo a edición de textos e a creación de cátedras para o seu ensino. Martín Sarmiento foi o primeiro en interesarse polo idioma e dignificalo, non só como lingua de estudio, senón tamén de uso coloquial.

### A galeguidade de Sarmiento


Luis Moure Mariño fala da galeguidade de Martín Sarmiento no seu libro «*Temas Gallegos*», e di: «teño o atrevemento de comezar este estudio afirmando que a figura máis densa de saberes que en todo tempo produciu Galicia (o espírito que mergullou en máis ramas e curiosidades, aquel que sentiu a incitación dos máis variados temas e problemas, e, sobre todo, o que máis estudiou, engavelando pasmosa erudición), foi o pai Sarmiento. Ó pronunciar o seu nome parécenos que unha figura de xigante emerxe sobre da terra galega, á que sentiu como esencia e raíz da súa mesma alma.



Sarmiento estudiou, observou e escribiu sobre unha multitude de temas, pero o maior misterio da súa actitude como escritor foi que se negara a publicar as súas obras, se exceptuamos, como queda dito, a súa *Demostración do Teatro Crítico*, escrita para defender ó seu amigo, paisano e mestre, o pai Feijoo.

O convento madrileño de San Martín,





onde pasou a maior parte da súa vida, rodeado dos 7.500 volumes da súa biblioteca, anotando e lendo catorce horas diarias, publicou despois do seu pasamento as *Memorias para la historia de*

*la poesía*, e tamén se deron ó prelo outras como a súa *Disertación sobre a carqueixa*. O pai Sarmiento dicía da carqueixa que «*está dotada da benigna omnipotencia de Deus para curar moitas enfermidades distintas.*» El mesmo se tratou e curou con carqueixas despois de caer dunha mula preto de Ribadavia na súa primeira viaxe a Galicia «*aunque el magullamiento fue grande, con tres baños de carqueixa de rodillas abajo quedé como si nada me hubiese pasado.*»

O do pai Sarmiento é un caso de galegitude que induce á meditación, pois só viviu en Galicia ata os 15 anos e despois só estivo en Galicia 3 veces, que xuntas aínda non chegaron a dezoito meses, segundo confesa el mesmo no seu estudio sobre a orixe e a formación da lingua galega.»

Todo o galego ocupou e preocupou a frei Martín Sarmiento. No seu estudio sobre a orixe da lingua galega, dicía «*si tuviese veinte años menos y viviese en Galicia, tomaría con gusto el trabajo de leer libros antiguos y de recoger muchas frases y voces del idioma de hoy. No digo con esto que yo sea capaz de hacer el Diccionario gallego, pero ayudaría en algo a los que tomasen ese asunto a su cargo.*»

Di Moure Mariño que as indicacións do pai Sarmiento para elaborar un bo Diccionario da lingua galega aínda teñen vixencia hoxe.

El foi tamén o primeiro en sinalar ó

portugués como fillo do galego. El demostra como o galego enxendrou ó portugués, no que coincide con Teófilo Braga, o cal di «*antes de la independencia política detentada por el conde don Enrique, Portugal era parte de Galicia y la lengua gallega se generalizó en todos estos territorios.*»

E Sarmiento escribe «*sábase que la conquista de Portugal ha sido desde Galicia hacia el mediodía y en tiempo en que ya Galicia estaba con su idioma vulgar. Así, la lengua portuguesa pura no es otra cosa que la extensión de la gallega...*, Si Duarte Núñez hubiera atendido a este origen del puro portugués, no nos dijera que tales y tales voces eran anti-*quísimas y privativas de Portugal. Las voces 'saudade' y 'mixiriqueiro', que creo pone por ejemplo, son latinas y siempre han sido gallegas.*»

Sarmiento, dotado dunha grande intuición, presentiu a existencia dos «Cancioneiros» antes do seu descubrimento, e, como di Murguía «*con su acostumbrado tino, echó las seguras bases sobre la formación e índole del gallego.*»

### Sarmiento precursor

Así mesmo, Martín Sarmiento foi un adiantado, toda a súa obra está espaxada de atinadas suxerencias: a construción dun novo camiño desde o interior cara a Galicia; a creación de fábricas de panos e sedas e o comercio por mar e terra; a creación de cátedras de agricultura; a súa repulsa á pena de morte; a súa defensa da igualdade entre os sexos. Entre os seus escritos perdidos había un que trataba sobre o xeito de fabricar unha ponte dun só arco sobre o río Sil, etc.

## Loito nas letra galegas

---

Tomás Veigas

---

As letras galegas están de loito. Acaban de deixarnos dous dos persoeiros literarios galegos máis significativos. Primeiro Camilo José Cela, logo Carlos Casares. Todos nós levamos unha mágoa no corazón e na alma pola perda destes dous eminentes literatos galegos. Para o noso deleite e das xeracións vindeiras queda a súa obra, abondosa e universal.



Carlos Casares

CARLOS CASARES naceu en Ourense o día 24 de agosto do ano 1941. Cando tiña catro anos foi vivir a Xinzo de Limia, onde transcorreu a súa infancia. Estudiu Filosofía e Letras en Santiago.

Dirixía a Editorial Galaxia e a revista Grial e presidía o Consello da Cultura Galega.

- Membro da Real Academia Galega.
- Colaborador da Voz de Galicia, onde desenvolveu unha sección semanal de crítica literaria, "A ledicia de ler",

e no que escribía unha colaboración diaria, "Á marxe".

- Como escritor, deuse a coñecer no ano 1967 cun libro de relatos *Vento ferido*.

A esta primeira entrega seguiron:

- *Cambio en tres* (1969), novela.
- *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), premio de novela Editorial Galaxia.
- *Os escuros soños de Clío* (1979), relatos, Premio Crítica Galicia (1980).
- *Ilustrísima* (1980), novela;
- *Os mortos daquel verán* (1987), novela.
- *Deus sentado nun sillón azul* (1996), novela.


Ten publicado, tamén, ensaios biográficos sobre Curros Enríquez (1980), Risco (1981), Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro.

Escribiu pezas de teatro, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*

Contos, *O can Rin e o lobo Crispín*

A serie que ten por protagonista ó neno inventor *Toribio*.

.....



Camilo José Cela

**C**AMILO JOSÉ CELA nace o 11 de maio de 1916, en Iria Flavia, provincia da Coruña.

A familia instálase en Madrid, onde é destinado o pai. Camilo José asiste ó colexio dos escolapios de Porlier.

No ano 1931 foi internado no sanatorio de Guadarrama, con problemas de tuberculose pulmonar. Emprega os períodos de repouso para ler a obra completa de Ortega e Gasset e mais a colección completa de clásicos españois de Rivadeneyra.

En 1934 inicia Medicina na Universidade Complutense, pero logo deixa estes estudos para asistir, na nova Facultade de Filosofía e Letras, ás clases de Literatura española contemporánea de Pedro Salinas. Alí faise amigo do escritor e filólogo Alonso Zamora Vicente, de Miguel Hernández e María Zambrano, na casa desta coñece en tertulia a Max Aub e outros escritores e intelectuais.

Cela acadou as máximas honras que un escritor pode acadar:

- Premio da Crítica (1956).

- Premio Nacional de Literatura (1984).
- Premio D. Dinis (Vila Real, Portugal, 1985).
- Premio Godó Lallana (Barcelona, 1986).
- Premio Príncipe de Asturias (1987).
- Premio Nobel (1989).
- Premio Mariano de Cavia (1992).
- Premio Planeta (1994).
- Premio Cervantes (1995).
- Medalla de Ouro do Mérito ó Tráballo (1996).
- Premio Anual da Asociación de Periodistas de Galicia na súa IV Edición (1999).
- Orden do Libertador San Martín, Arxentina (1999).
- Doctorados *honoris causa* por máis de 20 universidades de todo o mundo.
- Membro de número da Real Academia Española.
- Membro de número da Real Academia Galega de Ciencias.
- Membro honorario da Real Academia Galega.

Entre outros moitos méritos, medallas e nomeamentos que recibiu.

Foi fundador e director da revista *Papeles de Son Armadans*.

Fundador e primeiro director da editorial Alféguara.

Fundador e director da revista *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*.

A súa produción literaria abarca Poesía, Romances de Cego, Novela, Novela Curta, Contos, Memorias, Viaxes, Artigos, Teatro, Lexicografía Adaptacións, etc., entre as que figuran:

*Pisando la dudosa luz del día; Tres poemas gallegos; Romances de ciego; La familia de Pascual Duarte; La colmena; San Camilo 1936; Mazurca para dos muertos; La cruz de San Andrés; Madera de boj; Viaje a la Alcarria; Del Miño al Bidasoa.*

.....

# Ribadavia, capital do Ribeiro

Félix Ortiz de Zárate

## O Ribeiro

O Ribeiro es una comarca de la provincia de Ourense, que agrupa los municipios de Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia y Toén.

## El vino del Ribeiro

Aquí se producen los famosos vinos del Ribeiro. Dicen las crónicas que fueron los romanos quienes descubrieron las bondades vinícolas de estas riberas, bien servidas por el río Miño y sus afluentes Avia y Arnoia.

Fue en la Edad Media cuando se extiende el cultivo de las cepas, impulsado dicho cultivo y el cuidado del vino por los monasterios cistercienses de Santa María de Melón y San Clodio.

*Tierra de vino, clima benigno, espacios abiertos y grandes ríos «los ejes conductores de la fisonomía, vida, cultura y paisaje del Ribeiro, propician el carácter abierto de estas gentes.»*

**El Ribeiro, color de vendimia, rumor de ríos.**

Es tal su fama desde hace siglos, que merece un capítulo específico. Constituye el principal protagonista de la vida comarcal desde el lejano momento de su implantación en el Ribeiro. En el año 1133 es el vino más



Porta Nova en Ribadavia

caro que entra en Santiago; en el s. XVI es el más exportado de la península Ibérica y considerado por Cervantes como uno de los mejores de Europa.

Esta herencia histórica viene condicionada por las particularidades del medio natural, en el que la vid encuentra las condiciones óptimas para expresar su máximo potencial de calidad y por el esfuerzo, experiencia y saber de estas gentes, en la selección de variedades y en el primoroso cuidado que ponen en la elaboración de sus vinos.

Alonso Herrera describe, en 1513, estos vinos «mejores que otro blanco ninguno, guardándose por mucho tiempo, es muy claro, oloroso y suave.»

Los judíos, se encargaron de exportarlo a diversos países de Europa, donde las comunidades hebreas se encargaban de comercializarlo. El vino fue en el pasado, y es en el presente, uno de los motores de la actividad económica de la comarca y de su capital Ribadavia.

## Ribadavia, capital de la comarca

### Historia

Ribadavia comenzó siendo un villorrio en la margen izquierda del río Avia. Fue capital del reino de Galicia en tiempos del rey don García entre los años 1065 y 1071

Con la llegada del rey García, se produjo la expansión de la villa, extendiéndose de manera notable en la otra orilla del río Avia.

Entre los caballeros, nobles, administradores y demás personajes integrantes de la Corte, llegaron los judíos, comenzando por el propio privado del Rey, llamado Várnula.

La comunidad israelita, alcanzó rápidamente una densidad considerable. Siendo los judíos del medioevo grandes comerciantes, se hicieron cargo de la comercialización del vino, que exportaban a Inglaterra, Flandes, Alemania e Italia, y más tarde a América. Los judíos, además de comerciantes, ejercieron oficios artesanos como zapateros, sastres, herreros, pla-



Plaza de García Boente



Plaza de la Magdalena

teros, etc., y, precisamente, la conformación de sus tiendas y talleres ha dado al barrio de la judería un aspecto muy peculiar, mediante los rellanos y voladizos existentes en las fachadas de sus casas. Así, los balcones protegían de la lluvia sus talleres, al tiempo que les permitía colocar delante de sus puertas los productos que fabricaban.

Este barrio se conserva en muy buen estado y es uno de los más importantes de España; con sus rúas largas y estrechas que mantienen todo el sabor Medieval.

El centro del barrio judío lo constituye la Plaza de la Magdalena, allí se encuentra la edificación que albergó la Sinagoga, erigida en los siglos XII o XIII. Cegada por una capa de unos dos metros de tierra, todavía puede verse la pequeña piscina de 5x3 metros, donde los judíos practicaban el baño probáti-

co todos los viernes, así se purificaban para recibir al sábado, día sagrado para los judíos. La comunidad judía persistió en Ribadavia durante siglos, aún a partir de la expulsión de los judíos por los Reyes Católicos, ya que muchos se convirtieron al cristianismo y mantuvieron sus riquezas. Los que no quisieron convertirse, se asentaron en Portugal, regresando cuando las persecuciones se calmaron.

*En el paseo por el barrio judío no está de más hacer un alto en una de sus tabernas más típicas, **Papuxa**, en la calle Puerta Nueva, que mantiene todo el sabor. Se sirve el vino uno mismo y le dice a Pepe (Papuxa) lo que ha consu-*



**Casa de la Inquisición**

*mido. Al lado está la **Taberna de Herminia**, especializada en dulces hebreos artesanales.*

En el año 1375, se asienta en la población don Pedro Ruiz Sarmiento, iniciándose el señorío de los Sarmiento, Condes de Ribadavia. Los Sarmiento construyeron el actual castillo, hoy en ruinas.

### **Monumentos**

Rivadavia nos ofrece un castillo, casas blasonadas, museos, iglesias, etc. Entre las iglesias destacan las de Santiago, joya del Arte Románico del siglo XII, al igual que la de San Juan; la Iglesia Conventual de Santo Domingo, gótico regional de los siglos XIV y XV. Vecino a este monumeneo está la capilla que alberga a Nuestra Señora del Portal, patrona de Ribadavia y de todo el Ribeiro. Otro edificio interesante es la Casa de la Inquisición y todo el Barrio Judío. De los restos de la muralla oeste que defendía Ribadavia se conserva la Porta Nova.



Soportales

Ribadavia fue declarada Bien de Interés Cultural en 1947. El conjunto Histórico Artístico de Ribadavia revela la riqueza y el poder que gozó la villa en la época medieval.

### **Museos**

Museo Etnológico, la Rectoral de San Andrés, futuro museo gallego del vino, así como el Pazo de los Condes de Ribadavia, convertido en Centro de Interpretación Sefardí de Galicia.

### **Fiestas**

Entre los días 1 y 4 de Mayo tiene lugar la «Festa do Viño do Ribeiro.»

El sábado anterior al 8 de Septiembre se celebra la «Festa da Historia.» Se trata de una amplia ambientación medieval y judía que tiene por escenario todo el casco Histórico de la villa, incluídas las ruinas del castillo; ambas fiestas están declaradas de Interés Turístico Nacional.

Las Fiestas Patronales en honor de la Virgen del Portal se celebran del 7

al 11 de Septiembre.

La mejor forma de conocer Ribadavia y la belleza de toda esta Comarca del Ribeiro es visitándola. Sus gentes muy amables y generosas te esperan.

### **De interés**

En Francelos, aldea cercana a Ribadavia, se encuentra la capilla de San Xes, que es un ejemplar único de arquitectura mozárabe, y los pozos del río Outeiro. Siguiendo el curso del río Avia hasta Leiro encontramos impresionantes cascadas formadas a partir de las presas de antiguos molinos.

Muy próximo a Leiro, y en un valle cubierto de viñedos, está San Clodio, con su puente medieval y el monasterio de Santa María, monumento histórico-artístico, iniciado en el siglo IX, con iglesia románica del XIII. En la actualidad está en restauración. También merece la pena acercarse hasta el pueblo abandonado de Vila Verde, con lagares y toneles.

Siguiendo el Avia, entramos en el cañón del río, por una carretera con hayas y un puente románico del siglo XII, nos topamos con Pazos de Arenteiro, Monumento Nacional, todo de piedra, donde se pueden admirar la iglesia románica de San Salvador y varios pazos.

## O termalismo en Galicia

# Balneario de Cortegada

Beni Rojo

Galicia é unha comunidade privilexiada, dunha grande beleza natural, polo seu verde permanente, a pedra, os seus contrastes e a situación xeográfica, foi merecente das loanzas de escritores e visitantes ilustres, a esta terra cantaron e seguen a cantar os poetas propios e os foráneos.

No seu interior, quizais o menos coñecido, posúe unha riqueza oculta, que abrolla aquí e alá en forma de bosque, fraga, devesa, cumio, carrozo ou fonte.

Existen numerosos mananciais de augas curativas, os «mananciais sanadores.»

Un destes mananciais deu lugar ó balneario de Cortegada, situado nun lugar de ensóño, nun paradiro único afastado do ruído, onde se respira sosego e tranquilidade e os visitantes poden gozar das súas augas termais que, segundo as crónicas, teñen grandes propiedades curativas.

## Cortegada

### HISTORIA

O topónimo Cortegada, antigamente coñecida como Cortegada do Miño e Cortegada de Baños, parece provir da voz *cohorticata*, derivada do latín *cohors-cohortis*, que fai referencia a un espacio rodeado de muros. Pode ser que esa fora a súa orixe, unha pequena vila romana ó pé do Miño, con baños termais.

A historia da vila de Cortegada está vencellada ós coutos monacais da



Vista de Cortegada



Idade Media, época na que formaba parte das terras do mosteiro de Celanova. De feito, un dos maiores priorados de Celanova estaba en Refoxos, que aínda conserva a casa prioral. Contan que os veciños desta parroquia, en 1673 erguéronse en rebelión contra o incremento abusivo dos impostos, atacando pola noite o priorado coa intención de asasinar ós monxes administradores e estragar o edificio. Como consecuencia dos feitos, mantiveron un preito con Celanova que durou 17 anos.

Hoxe Cortegada é un municipio con crecemento vexetativo negativo, no que a actividade económica máis importante non está ligada ó viño, senón á madeira. O 72 por cento da súa superficie está ocupada por montes de piñeiros e eucaliptos, sobre todo. Concretamente en Valongo existe unha senlleira industria dedicada a este sector.

O municipio de Cortegada está formado por cinco parroquias: Meréns, San Bieito do Rabiño, Cortegada, Valongo, Refoxos e dous anexos, Louredo da parroquia de Rabiño e Zaparín da parroquia de Refoxos.

### ***Balneario de Cortegada***

O balneario de Cortegada está a uns 400 metros da vila, nunha baixada cara ó Miño, na ribeira mesmo deste.

Orixe: Probablemente romana, pero hai opinións de que xa os fenicios gozaban das súas augas.

Ignoramos a época do descubrimento destas augas, pero sabemos que

o seu uso vén de moi lonxe. Xa eran famosas en 1497, ano en que o mosteiro de Celanova afora un monte e os baños de Cortegada. Con posterioridade, sendo propiedade dos veciños de Cortegada, consistían nunhas simples charcas nas que se tomaban os baños á intemperie, coñecidas como “Baño do Campo” e “Baño da Pedra”.

A proximidade das fontes ó río facía moi difícil o acondicionamento das mesmas pois as enchentes destruían a miúdo as melloras practicadas. Por iso, aínda que as augas foran recoñecidas como unhas das mellores de Galicia, as instalacións resultaron sempre moi cativas. Co tempo, fixéronse uns tanques e comezaron a montarse na tempada de verán, ó lado de cada baño, na marxe do río, unhas casopas provisionais de madeira que foron substituídas por pavillóns permanentes de perpiaño na



**Balneario de Cortegada**

segunda metade do século XIX. Estas pequenas reformas coincidiron co nomeamento dos primeiros **médicos-directores** e non afectaban máis que ó exterior; dentro, as divisións e teitos seguían a ser de madeira para facilitar o

desarmado a finais da tempada. Naquela época, o Baño do Campo compoñíase dun gran estanque dividido en catro compartimentos ou tanques e, o Baño da Pedra, en tres sinxelos tanques.

Na década dos 30 deste século fíxose co balneario Xosé Álvarez Puga que, no ano 1937, construíu un fermoso edificio máis afastado do río que os mananciais. Lamentablemente, iso non impediu que, uns e outro quedaran debaixo das augas do encoro de Frieira porque, cando se fixo este, ninguén tivo en conta as negativas repercusións ecolóxicas e termiais que suporía para o lugar. O tramo do río nos arredores do balneario era coudo abundancial en miles de zamborcas, desaparecidas coas augas remansadas. Mais, a presa de Frieira non só deixou ó río orfo de peixes, senón que estragou e afundiou o balneario sen compaixón, malia ser un edificio moderno ó que ían centos de persoas. Incluso existía unha pasarela sobre o río, a falta de ponte máis resistente, para que a xente da outra ribeira puidera acudir e beneficiarse das augas.

Este balneario era famoso pola calidade das súas augas termiais, e a el acudían xentes de toda Galicia e de outros lugares. A vila chegou a contar con dous hotéis e moitos veciños alugaban habitacións para atender a grande demanda.

### **Arquitectura e urbanismo**

Nos últimos anos, gracias ós traballos da escola taller *Os Baños* creada coa intención de recuperar o balneario, foi saneada e urbanizada a zona onde se tentaba facer a restauración. Os veci-

ños de Cortegada, propietarios do mesmo, reabrírono no verán de 1995, pero por desgracia non lograron que o funcionamento se normalizara por mor das disputas entre diferentes sectores dentro da asociación veciñal.

O edificio-balneario, totalmente rehabilitado, é unha obra moi interesante e fermosa de estilo modernista, planta baixa con espléndida balconada sobre a presa e unha terraza-bar, na azotea, á que se accede dende o zaguán central por unha traballada escaleira. Está dotado de baños, chorros, salas de masaxe, salas de estar, etc., completamente novos.

Os arredores, cos soutos baixando ata o encoro, conforman unha paraxe de beleza extraordinaria, coa posibilidade de refrescantes paseos, en barca ou catamarán, en perfecta harmonía coa natureza.

### **Xeoloxía, caudal e temperatura**

Os dous mananciais do balneario de Cortegada abrollaban na marxe esquerda do río Miño, en terreo granítico, nun lugar afectado pola prolongación S.O. do sistema de fallas do Carballiño-Berán. Ámbolos dous, o Baño do Campo e o da Pedra, posuían abondosos caudais e temperaturas de 25 e 23 °C respectivamente. Abrollaba tamén alí algún manancial de augas ferruxinosas frías, que proviñan do soto de enriba.

Todas as nacentes descritas desapareceron co encoro de Frieira. Hoxe en día, as augas mineromedicinais do balneario proceden de dúas perforacións feitas a carón do mesmo.

### **Baños do Monte**

Pasando a vila cara ó sudoeste, nun pequeno outeiro, atópanse uns mananciais coñecidos como os Baños do Monte, dotados dunhas pequenas instalacións.



**Baños do Monte**

A historia destes baños está intimamente relacionada coa do balneario de Cortegada, xa que sempre se empregaron conxuntamente. O seu desenvolvemento é semellante ó doutros moitos mananciais: ó principio só era unha charca, despois construíuse unha pía para o baño dunha soa persoa e, finalmente, un tanque comunal dentro dunha caseta de madeira substituída por outra de pedra. Estes eran os baños vellos. Tras o asolagamento do balneario do río, construíuse unha pequena edificación de planta baixa, na que se instalaron uns novos baños para atender a demanda de todos os que seguían a acudir na procura das augas de Cortegada.

Unhas mesquiñas liortas entre os paisanos membros das xuntas veciñais

fixo que, nos últimos anos, os Baños do Monte tiveran un desenvolvemento independente ó do balneario de Cortegada.

Actualmente hai dúas pequenas construcións: a máis cativadora, sen pretensións estéticas, contén os baños novos, a outra, situada preto do manancial, é máis recente, está feita en pedra e conta con duchas e unha fonte de auga sulfurosa. O lugar está acondicionado para o lecer, constituíndo un agradable escenario de paseo e descanso.



**Escudo no pazo do conde de Ximonde**

Os dous balnearios, o de Cortegada e o do Monte, están abertos de xuño a outubro e as súas augas sulfurosas, ferruxinosas e termais, que acadan os 38 °C, posúen recoñecidas propiedades para as enfermidades hepáticas, respiratorias, gastrointestinais, xenético-urinais e enfermidades da pel.



San Bieito do Rabiño

### ***De interese***


Na parroquia de Meréns existen os restos do Pazo do conde de Ximonde (1789), onde se atopa o escudo heráldico máis grande de Galicia, con dezoito cuarteis rematados por unha coroa condal. Nel pódense ler os apelidos de Araujo, Feijoo, Ortigueira, Mosquera, Cismero, Figueroa, Nóvoa e Sarmiento.

Na parroquia de Rabiño está o Santuario de San Bieito, famoso santo polos seus diversos milagres, onde se celebran dúas romarías ó ano (21 de

marzo e 11 de xullo), sendo as máis importantes de toda a comarca e ás que acoden persoas tamén da comarca de Terra de Celanova e Paradanta (esta na veciña provincia de Pontevedra). Os principais monumentos da parroquia son o Santuario de San Bieito e na súa parte posterior o humilladoiro, construción única en Galicia.

Na parroquia de Valongo é de especial relevancia a Igrexa parroquial de San Martiño, construída gracias ó donativo de Frei Diego Martín de Vergara, que chegou a arcebispo nas Américas.

En Zeparín atópase o único vestixio que se conserva do paso dos romanos por este municipio, un Miliario que foi «Cristianizado» xa que hoxe forma a base dun *cruceiro* na praza da igrexa.



San Martiño de Valongo

## A etapa castrexa

Vicente Touzón Veiga

A cultura castrexa ou cultura dos castros, florece na segunda metade da Idade de Ferro, con características diferenciadas segundo o lugar da Península no que aparece. No N.O. o núcleo central situaríase na actual Galicia ata o Navia polo leste e o Douro polo sur.

Esta cultura castrexa será o resultado da fusión das formas culturais procedentes xa da época do Bronce, e incluso de antes, e de numerosas aportacións novidasas. En moitos casos perdurará ata a época Baixo Romana. Os celtas traerán novas variedades de gando, o cabalo domesticado e probablemente o centeo.

O primeiro pobo celta que invade Galicia é o dos Saefes, no XI a.C. Someterá ó Oestrymnio, pero este influirá no primeiro sobre todo no eido da relixión, da organización política e das relacións marítimas con Bretaña e Inglaterra. O seu carácter eminentemente guerreiro fixo que Estrabón dixera deles que eran os máis difíciles de vencer de toda Lusitania.



Castro de Santa Tegra. A Garda (Pontevedra)



**Viladonga (Lugo).** Castro moi estudado e coidado. Conserva foxos, parapetos, murallas, antecastro e croa. É importante o museo que se atopa na entrada do xacemento. Habitado ata o século V d.C.

Coñécense como castros os poboados da Idade do Ferro, situados en lugares de fácil defensa, dende o que dominan estratexicamente un territorio (pasos, vales, zonas de cultivo), e arredados de fortificacións. Polo xeral situábanse nos cumios dos outeiros (Viladonga, Torroso, Penalba), ou máis frecuentemente, nos espolóns das ladeiras (Troña). Na costa, ás veces construíanse sobre promontorios costeiros (Santa Tegra), ou en pequenas illas (Toralla) ou penínsulas, defendidas por un istmo (Baroña, Neixón). Común a todos eles é o feito de que o home se adapta ó terreo e non ó contrario.

En canto ós templos, a única construción atopada é a de Elviña. O de Meirás conserva unha necrópoles. Noutros castros existían pequenas construcións en forma de caixa onde se gardaban as cinzas. Existen tamén outras parcialmente soterradas, cun depósito para a auga, nas que os vestixios de lume indican que debían servir para incinerar os cadáveres.



**Castro de Elviña (A Coruña)**  
Poboado dende o século V a.C. ata o V d.C.

Dende finais do Megalítico aparecen insculturas sobre as rochas graníticas a ceo aberto das que se descoñece aínda a verdadeira orixe e significado.

A Cultura Castrexa destaca, sobre todo, por ser a primeira cultura, na área do Noroeste, da que coñecemos o seu hábitat con bastante exactitude. No primeiro milenio a. de C., o poboamento castrexo caracterizouse polos seus pequenos asentamentos, pequenas aldeas espaxadas polo territorio dunha maneira bastante uniforme, cunha economía agraria baseada no cultivo de cereal, na gandería (especialmente nas zonas menos aptas para o cultivo), e en boa medida na colleita de froitos secos panificables, e mariscos na costa. A chegada dos conquistadores romanos coincidiu co auxe do Castrexo: a partir do século I a.C. comezan a construírse as grandes citanias, sobre todo na metade meridional, e todos os aspectos da cultura material dan o mellor de si, con exemplos sobresaíntes nas artes plásticas e sobre todo na orfebrería. Polo tanto, as bases do florecemento da Cultura Castrexa xa

estaban postas anteriormente á conquista romana.

Unha das características que diferencian a Cultura Castrexa de outros asentamentos da Idade do Ferro son as peculiaridades da súa arquitectura. Principalmente, o tamaño reducido das súas habitacións, e a presenza maioritaria da planta circular. Isto está en relación co tipo de cubertas empregado, e coa adaptación da arquitectura ó clima. As cubertas de palla son efectivas con inclinacións de 45 a 50°, polo que non son aptas para cubrir grandes superficies de planta angular sen erguer algún dos muros ata alturas considerables. Por iso, os castrexos preferiron a planta circular, cuberta de colmo, e de superficie cativa, o que terá gran influencia na configuración da trama urbana.

En canto á planta circular, foron formuladas numerosas hipóteses sobre a posible orixe e as causas da súa pervivencia ata os primeiros séculos da nosa era. A hipótese máis razoable parece ser a do seu endoxénese, a partir das construcións circulares feitas de materiais vexetais (estacas con varas flexi-



**Castro de San Cibrao de Las (Ourense)**  
Un dos castros máis impresionantes

bles entrelazadas para construír os muros), que deberon constituír a vivenda das poboacións da Idade do Bronce.

As cabanas de materiais vexetais tiveron unha longa pervivencia ó longo de todo o primeiro milenio a.C., retrocedendo definitivamente ante as construcións de pedra, aló polos séculos III e II a.C. Áchanse ben documentadas no Castro de Cameixa, escavado por López Cuevillas nos anos 40.

As cabanas de pedra non son posteriores ás cabanas vexetais. Esta opinión está baseada no feito de que en moitos castros onde existen varios niveis de ocupación (Castromao, Cameixa, A Graña, Troña, Saceda), as cabanas vexetais aparecen nos niveis máis antigos, mentres que as construcións de pedra son as máis modernas. Anque tamén están datados niveis de construcións pétreas no período formativo da Cultura Castrexa, no século IX a.C. (Coto da Pena, Portugal), ou no VIII-VII a.C. (Torroso, Monte das Croas).

Por outra banda, construcións de materiais perecedeiros parecen pervivir ata a Conquista romana, anque polo século III-II a.C. as cabanas de pedra comezan a se xeneralizar. O feito de



Castro de San Román (Lugo)



Castro de Troña (Pontevedra)  
Estivo ocupado desde o século VI a.C ata o V d.C.

que durante longo tempo os castrexos vivisen en habitacións de materiais vexetais non se debía a dificultades técnicas, pois o seu dominio das técnicas de cantería quedan de manifesto nas súas fortificacións.

A época de esplendor dos castros coincidiu coa Conquista do Noroeste, en dúas ondadadas invasoras, primeiro con Decimo Julio Bruto, e despois nas Guerras Cántabras, na época de Augusto. Os castros floreceron ata a época flavia, na que os cambios administrativos e a concesión do *ius latii*, contribuíron á decadencia deste tipo de hábitat, que ata entón conformara a auténtica trama urbana do noroeste. Algúns destes castros eran maiores en poboación e extensión ás pequenas cidades fundadas polos romanos, e aínda mantiveron a súa importancia como capitais políticas durante os primeiros séculos da nosa era. Polo século IV os castros foron abandonados, dando paso a outras formas de hábitat, abertas e nos vales. Aínda foron os castros ocupados en épocas de crise, como cando as invasións suevas.

## CÁNDIDO PAZOS, escultor

---

Tomás Veigas

---


A exposición titulada *Galicia e Europa* foi inaugurada polo presidente do Parlamento Europeo e é a primeira dun escultor español que se celebra nesta institución

### As esculturas de Cándido Pazos representan a Galicia nos salóns do Parlamento Europeo

As esculturas do artista compostelán Cándido Pazos representan a Galicia nos salóns do Parlamento Europeo, en Bruxelas. Esta mostra, que se presentou co nome de Galicia e Europa, foi inaugurada polo presidente do Parlamento Europeo, Leo Cox, e é a primeira dun escultor español que se amosa nesta institución europea. Durante a presentación, Cox asegurou que celebra que sexa Galicia o centro deste primeiro evento enmarcado na Presidencia española, e asegurou que algúns dos temas abordados na exposición sonlle moi familiares por asemeillarse ós da cultura irlandesa.

Neste acto tamén estiveron presentes o eurodeputado Daniel Varela, o ministro de Fomento, Álvarez Cascos; e o vicepresidente do Parlamento Europeo, Alejo Vidal Cuadras, así como representantes políticos da maioría dos países integrados na Unión Europea.

Esta exposición permaneceu aberta ó público en Bruxelas ata o 25 de



marzo; a obra constaba de varias pezas que representan fenómenos propios da antropoloxía galega como a tradición xacobeá, os cruceiros, a Santa Compañía, e, con especial preponderancia, a vida en torno ó mar.

### Azaira

As Esculturas que conforman Galicia e Europa son obras de pequeno e mediano tamaño realizadas, basicamente, en serpentina e azaira con algúns detalles en prata. A serpentina utilizada nestas pezas foi extraída dunha canteira de Santiago de Compostela, mentres que a azaira é un material cunha textura e cor semellante ó acibeche, creado por Cándido Pazos a partir da fusión deste material con outros minerais.





### **Agasallo**

Segundo informou o artista galego na inauguración desta mostra en Bruxelas, remitirá á Cámara europea unha esfera armilar deseñada para representar o globo terráqueo con todas as cidades que levan o nome de Santiago. Con este agasallo, quedará no Parlamento europeo unha mostra da arte escultórica de Galicia.

### **Traxectoria multidisciplinar**

Pazos naceu na praza do Toural de Santiago de Compostela en 1943, e foi alumno de Fernando Mayer, na Escola de Arte Mestre Mateo. Ó longo da súa carreira artística destacou en numerosas disciplinas como a pintura, a fotografía e a escultura. En 1957 foi distinguido co Premio Nacional de Debuxo, e posteriormente recibiu o Primeiro Premio de Fotografía en Cor da Deputación de Pontevedra e o Primeiro Premio de Fotografía en branco e negro da Escola Naval de Marín. Pazos realizou a súa primeira exposición escultó-

rica en 1996, no Hostal dos Reis Católicos, onde a partir desta data presenta tódolos meses de decembro as súas novidades nesta materia.

Entre as produccions máis destacadas deste artista galego salienta o deseño da vaixela realizada para a Casa Real española con motivo 25 aniversario da Coroación do Rei Juan Carlos I, así como diferentes traballos para Paradores de Turismo de España, Xunta de Galicia, Parques Nacionais, e o Ministerio de Medio Ambiente.

As súas obras foron seleccionadas pola World Gallery para expoñer con Subirachs, Bifill e Lorenzo Quinn. En 2001, expuxo en Expogalicia en México D.F., coincidindo coa visita do presidente da Xunta, Manuel Fraga, a este país norteamericano. Na actualidade, os seus traballos están distribuídos en varios países. Durante o pasado mes de outubro, Cándido Pazos presentou algunhas das súas obras na Casa de Galicia en Madrid.



## La migración de Galicia a Vitoria

Mónica Calvo

Vitoria vivió desde 1955 un cambio brusco y acelerado en su estructura económica, cimentado principalmente en el fuerte crecimiento del sector metalúrgico y mecánico.


La prosperidad económica de finales de los 50 y de la década de los 60 se debió, entre otros factores, a la óptima situación geográfica de Vitoria como nudo de comunicaciones, a la saturación de suelo industrial en Vizcaya y Guipúzcoa, a las ventajas fiscales y a la numerosa mano de obra, procedentes principalmente de la propia provincia, de Vizcaya y Navarra, de Castilla y León, Extremadura, además de otras zonas como Andalucía, Galicia y Castilla-La Mancha.

Tal Avalancha de foráneos convirtió Vitoria en una auténtica ciudad, el crecimiento demográfico fue espectacular. En 1.950 vivían en Vitoria 53.571 personas y, en 1.960, la cifra subió a 74.936 habitantes. Quince años después, en 1.975, la población vitoriana se disparó hasta los 173.137 ciudadanos. Álava estaba habitada ese año por 541.795 personas.

Muchos fueron los gallegos que en la década de los 50, dejaron su tierra, para venir a trabajar a Vitoria.

No hay diferencias significativas entre hombres y mujeres: En el periodo estudiado han llegado 1.968 gallegos y 1.938 gallegas.

### EVOLUCIÓN DE LOS MIGRANTES DE VITORIA-GASTEIZ PROCEDENTES DE GALICIA, POR SEXOS.



Hoy todavía el saldo migratorio con la comunidad de Galicia es positivo. En los cuatro últimos años han llegado a Vitoria-Gasteiz un total de 497 gallegos y se han ido a la comunidad gallega 350, resultando un saldo positivo de 147 personas.

**SALDO MIGRATORIO CON GALICIA**

|                                       | AÑO  |      |      |      | TOTAL |
|---------------------------------------|------|------|------|------|-------|
|                                       | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 |       |
| ALTAS EN EL PADRÓN DE VITORIA-GASTEIZ | 120  | 112  | 120  | 145  | 497   |
| BAJAS EN EL PADRÓN DE VITORIA-GASTEIZ | 64   | 62   | 116  | 108  | 350   |
| SALDO CON GALICIA                     | 56   | 50   | 4    | 37   | 147   |

Según el Padrón Municipal de Habitantes de Vitoria-Gasteiz, a fecha 1 de enero de 2001, hay registradas un total de 4.311 personas que han nacido en Galicia, 211 personas menos que hace quince años; representan el 2% del total de la población empadronada en el municipio de Vitoria-Gasteiz.

**RESIDENTES EN VITORIA-GASTEIZ NACIDOS EN GALICIA**

|  | CENSO DE POBLACION |         |         | PADRÒN   |
|--|--------------------|---------|---------|----------|
|  | 1986               | 1991    | 1996    | enero-01 |
| HOMBRES NACIDOS EN GALICIA                     | 2.295              | 2.379   | 2.507   | 2.228    |
| MUJERES NACIDAS EN GALICIA                     | 2.275              | 2.292   | 2.492   | 2.083    |
| TOTAL RESIDENTES EN VITORIA NACIDOS EN GALICIA | 4.570              | 4.671   | 4.999   | 4.311    |
| TOTAL RESIDENTES EN VITORIA-GASTEIZ            | 199.499            | 206.116 | 214.234 | 220.254  |
| % TOTAL  | 2,29%              | 2,27%   | 2,33%   | 1,96%    |

Desde el punto de vista del lugar de procedencia, en torno al 4% de las personas que llegan a Vitoria-Gasteiz proceden de Galicia y además de forma constante en todos los períodos analizados.

Desde el punto de vista del lugar de asentamiento, en torno al 8% de los gallegos que llegan a Euskadi se asientan en Vitoria-Gasteiz, con variaciones importantes según el periodo de llegada.

### POBLACIÓN DE MIGRANTES DE GALICIA A EUSKADI

| PROCEDENTES DE GALICIA | <1965  | 1966-1975 | 1976-1985 | 1986-1995 | 1996 | TOTAL  |
|------------------------|--------|-----------|-----------|-----------|------|--------|
| LLEGAN A EUSKADI       | 22.735 | 13.289    | 5.269     | 4.760     | 315  | 46.386 |
| LLEGAN A ALAVA         | 1.584  | 1.445     | 879       | 856       | 44   | 4.808  |
| LLEGAN A VITORIA       | 1.077  | 1.231     | 785       | 779       | 34   | 3.906  |
| % ASENTADOS EN VITORIA | 5%     | 9%        | 15%       | 16%       | 11%  | 8%     |

### POBLACIÓN DE MIGRANTES DE GALICIA SEGÚN EDAD

| EDAD | 0-14 | 15-29 | 30-44 | 45-59 | 60-74 | 75-89 | 90-99 | 100 |
|------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-----|
|      |      |       |       |       |       |       |       |     |

#### **FUENTES:**

- Censos de población y vivienda. ESAT (Instituto Vasco de Estadísticas)
- Padrón Municipal de Habitantes. Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz.


# O noso Centro camiña

Mónica Calvo

## Actividades do Centro en fotos no que vai do ano 2.002

### Entroido

Representación da obra de teatro «A tía Lambida» a cargo do grupo *Alecrín*



Actuación do coro «Aturuxo»

Cea para socios e familiares, o día do entroido, despois baile ata preto da mañá coa orquestra Ritmo.



### Grupo de montaña «Saraibas»



O grupo de montaña «**Saraibas**» segue a percorrer a xeografía alavesa e limítrofe; o día 10 de marzo andaron polo alto de Toloño, visitaron o mosteiro (en ruínas) e tamén as neveiras, onde os monxes acumulaban o xelo aproveitando as nevadas.

Cea de traballo, na que participaron algúns colaboradores desta revista.





## Lembrando a Ramón Cabanillas

Do 15-01-02 ó 03-02-02 houbo unha exposición de libros, e material recollido de revistas e periódicos, sobre a vida e a obra do poeta Ramón Cabanillas, unha obra propiedade do Concello de Cambados.



## Campionato de axedrez

O axedrecista Valentín Álvarez Núñez xogando unha partida simultánea contra 21 xogadores.



Este año se celebra en Vitoria-Gasteiz la XVII edición del  
**DIA DE GALICIA EN EUSKADI**

días 7, 8 y 9 de junio

En la Plaza de Mendizabala, con un amplio programa de actividades

CENTRO GALEGO



DE  
VITORIA-GASTEIZ

Inauguración el viernes 7 de junio a las 19 horas, a cargo del Sr. Alcalde de Vitoria-Gasteiz, D. Alfonso Alonso Aranegui

- Degustación gratuita de mejillones
- Bailes y verbenas con la orquesta "Superfama" de Pontevedra
- Concierto a cargo de Susana Seivane
- Exhibición de deporte rural vasco (Hermanos Salvidea)
- Campeonato de "chave" (modalidad hombres y mujeres)
- Cata de vinos tintos gallegos
- Concurso de filloas
- Concurso de empanadas
- Concierto a cargo del grupo "Milladoiro"
- Noche de meigas: Degustación de gran queimada
- Pasacalles a cargo de los 9 grupos folklóricos de la Irmandade de Centros Galegos de Euskadi
- Actuación de la Banda de Txistularis de la Diputación Foral de Álava
- Degustación del plato más grande del mundo de "Pulpo á Feira"
- Entrega de premios
  - II Certamen "Anduriña Voandeira"
  - Concurso de redacción "A orillas del Sar"
- Recepción de Autoridades

**ORGANIZA:**

Irmandade de Centros Galegos de Euskadi

**PATROCINAN:**

Ayto. de Vitoria-Gasteiz, Diputación Foral de Álava, Xunta de Galicia

**COLABORAN:**

Caja Vital Kutxa, Radio Gorbea



# Topónimos

Merche Espiño (Santiago de Compostela)

## A OLIVEIRA EN GALICIA (UNHA APROXIMACIÓN Á TOPONIMIA)

Se a calquer galego lle preguntamos polas oliveiras de Galicia, habería responder como din que fan todos os galegos, con outra pregunta: "...E logo... ¿quen lle dixo que en Galicia hai oliveiras? ¿E onde as viu vosté?"

E vostede, que está a ler isto, pénsese detidamente... ¿seguro que nunca reparou en algunha? ¿Nen sequer lembra unha oliveira? ¿Non as haberá perto da igrexa da súa parroquia? ¿Ou na horta do veciño? ¿Ou na súa propia leira? Pénsese ben..., verá como aparecen tres ou catro na súa memoria.

Aínda que moitas persoas cren que a oliveira é unha árbore autóctona do Sur de España, o certo é que chegou á Península Ibérica importada polos romanos, que trouxeron o seu cultivo tamén á antiga Gallaecia.

Durante moitos séculos, sobre todo na parte sur de Galicia, sementáronse e coidáronse oliveiras para a produción familiar de aceite, pero que paseniñamente foron desaparecendo.

Porén, é estraño o ámbito rural en que non se encontren exemplares, que hoxe só serven como elementos decorativos ou simplemente lembranza dos seus diversos fins:

- Consumo propio: o aceite elaborado artesanalmente servía para uso familiar, non para comercializar.
- Propiedades curativas para persoas e animais: o valor medicinal deste

aceite virxe era importante para a súa aplicación en eccemas ou calquera tipo de enfermidade da pel das persoas ou para os animais (mamitis das vacas, carrachas nos cans, etc...)

- Remedio de menciñeiras, curandeiras ou meigas: mentres untaban con aceite a parte do corpo danada, "bendiciábase", ou sexa recitaban oracións ou ladaíñas correspondentes á curación que querían facer.



Nos adros das igrexas había oliveira(s), pois é árbore de connotacións relixiosas para o catolicismo, sobre todo na celebración do Domingo de Ramos. Case todas as nenas e algúns nenos portaban palmas para seren bendicidas (palmas nun principio arrancadas de palmeiras tamén existentes en



Galicia), as persoas adultas e os nenos levaban unhas pólas de oliveira, a maior parte delas cortadas dos exemplares das súas propias casas ou das casas veciñas.

No ano 1780, século XVIII, o Ilustrado marqués de Santa Cruz de Rivadulla, dono do pazo de Ortigueira, sito en Vedra, A Coruña, quixo poñer en práctica un amplo proxecto de elaboración de aceite, e mandou plantar varias hectáreas de oliveiras nas súas terras. O resultado foi moito menos rendábel do que el supuxo, polo que a produción de aceite a grande escala foi abandonada. Como lembranza da época da Ilustración, existen no pazo un muíño de aceite e un impresionante paseo de oliveiras, con medio millar de exemplares, case todos eles anteriores ao século XIX. O General Armada, actual dono, lembra como na súa infancia aínda se elaboraba aceite en Santa Cruz de Rivadulla.

A verdade é que hoxe xa case ninguén extrae aceite das olivas galegas. De feito, nos comezos deste século XXI, tan só funciona un muíño de aceite en Larouco, perto de Montefurado, nas beiras do río Sil.

## UNHA APROXIMACIÓN Á TOPONIMIA

Como recordo de épocas máis prósperas e fructíferas para as oliveiras galegas (en Portugal aínda se coñece co nome de "aceitona galega" un tipo de oliva pequeniña, que produce un bo aceite, a maioría das veces exprimido artesanalmente), na nosa toponimia encontramos nomes de lugar referidos á "oliveira e variantes" nas catro provincias galegas:

### LUGO

Lugo é o lugar que menos restos conserva, só temos recollidos dous nomes: **Olveda** e **Santa María de Olveda** no concello de Antas de Ulla.

### PONTEVEDRA

Xunto con A Coruña, é a provincia que máis topónimos posúe do campo semántico de que estamos a falar: **Olivas**, situado en Pazos de Reis, no concello de Tui; **San Lourenzo de Oliveira**, **San Mateo de Oliveira** e **Santiago de Oliveira** pertencen a Pontearreas; encontramos un **Santa María de Olives** en A Estrada; **Oliveira** pertence á parroquia de Borreiros, en Gondomar e outro **Oliveira** é de Vigo, e mesmo existe un **Oliveira** en San Salvador de Poio.

Non podemos esquecer que Vigo é a CIDADE OLÍVICA por excelencia, posúe un enorme exemplar de oliveira no Paseo de Alfonso, que pasa por ser o símbolo da cidade, filla da que está representada no seu escudo heráldico.

## CORUÑA

En Coruña, encóntranse varios lugares coa variante de **Oliveira** moi estendida. Por exemplo en Ribeira atopamos **Oliveira de Arriba** e a parroquia de **Santa María de Oliveira**; outra aldea chamada **Oliveira** aparece en Reis, no concello de Teo; en Dumbría recolleemos topónimos como **San Martiño de Oliveira**, e na variante **Oliveiro**; áchanse tamén en Dumbría **Santiago de Oliveiroa** ou simplemente **Oliveiroa**; se imos a Corcubión, na parroquia de Redonda, existe un lugar denominado **Oliveira**; e por último, en Fontecada, Santa Comba, aparece un curioso **Almozara**, que ten que ver co nome árabe dos muíños de aceite, similar a outro de Boborás, Ourense.

## OURENSE

A pesar de ser lugar de tradición ancestral olivareira, polo seu clima, na toponimia achamos poucos restos, só **Oliveira**, na parroquia de San Salvador de Arnoia, ou **Olivar**, en Esposende, concello de Cenlle. Pero, relacionado con "almozara", aparece tamén **Almuzara** en Xubencos, Boborás.

Aparte dos topónimos reseñados, existen RÍOS e MONTES con esta denominación, por exemplo o **Monte da Oliva**, de 761 m. de altitude, sito en Pardellán, Rubián, Ourense, ou o **Alto da Oliveira**, monte de 398 m., en Mougás, Oia, Pontevedra. En canto a RÍOS, só recolleemos o **Oivedo**, que é un afluente do río Sil pola esquerda, e que pasa por Penín, Ourense.

## RÚAS EN CIDADES

Tamén nas cidades e vilas de Galicia hai referencia a estas árbores que criamos que non existían na nosa terra, pero que parece que si que as houbo, e en cantidade, polas pegadas deixadas: Santiago, Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo, Vigo e Tui posúen rúas adicadas á oliveira (¿será só unha curiosa casualidade?):

- Santiago de Compostela, no casco histórico: **Rúa da Oliveira**.
- A Coruña cidade: **Calle da Oliva**.
- Corcubión: **Rúa da Oliveira**
- Lugo cidade: **Rúa da Oliveira**.
- Ourense: **Camiño das Oliveiras**.
- Pontevedra cidade: a **Rúa da Oliva** é a arteria comercial principal do casco urbano, mentres a **Rúa da Oliveira** é moito máis pequena.
- Tui: non hai un nome de rúa concreta, senón o "**Bairro da Oliveira**".



## Le e pensa...

«Ni en los objetos, ni en las fortunas encontraremos una felicidad que sólo podemos buscar en nosotros mismos». Federico el Grande.

«Nadie puede ser feliz si no se valora a sí mismo». Jean Jacques Rousseau.

«La constitución sólo garantiza el derecho a perseguir la felicidad. Hay que luchar para obtenerla». Benjamin Franklin.

«La Historia atestigua que la felicidad del hombre, desde que Eva comió la manzana, depende de la comida». Lord Byron.

«Unos nos hacen felices cuando llegan; otros cuando se van». Oscar Wilde.

## ¿Sabías que...

...En Caldas de Reis (Pontevedra) atópase o único taller de fundición de campás de Galicia?

...O primeiro libro impreso en Galicia, titulado «Misal de Monterrey», xoia bibliográfica, que data do ano 1494, foi impreso en Verín (Ourense) polos impresores Porres e Lapassera? Hoxe atópase con outros exemplares no Museo da Catedral de Ourense.

...«GALDRUPAR» é a particular maneira de falar que tiñan os cesteiros en Galicia?

...Os ríos galegos, aínda que pequenos, teñen un considerable caudal. O Miño ocupa o primeiro lugar peninsular por caudal relativo e o cuarto por caudal absoluto. Ademais, é o río máis longo de Galicia con case 350 Km. e, xunto co Ulla, é navegable no seu treito inferior?

## O Refraneiro

O que non monta a cabalo, nunca se cae do cabalo.

Unha mala verba non resga a roupa, pero rompe a alma.

O labor dos rapaces é pouco, mais quen o perde é un louco.

Envexa non teñas do campo do veciño, antes fai o que el fai e atoparás o camiño.

Mentres está enriba dela o capador, non digas que a porca é túa.

Non busques por amigo ó rico nin ó nobre, senón ó bo, aínda que sexa pobre.

## O mito dos homes lobo

Tomás Veigas

As historias, lendas, anécdotas e contos de lobos, coído que veñen de moi lonxe no tempo. A lenda di que unha loba deu de mamar a Rómulo e Remo, pero tal vez o respecto, os medos que os humanos lles temos ós lobos xa veñen de antes.

Na aldea onde nacín contaban os maiores moitas historias de lobos, e a min chamábame a atención o feito de que os lobos malos, os que atacaban á xente ou facían falcatruadas de sona, sempre o facían noutras aldeas, nas de lonxe.

Un contaba que un rapaz agatuñou ó bico dun freixo cando un lobo lle quería fincar o dente, logo o lobo comezou a ouvear, chamando a outros lobos, ata que se xuntaron media ducia deles e nun momento dado comezaron a roer no pé do freixo. Era noite de luar, o rapaz xa se vía comido polas feras e non era quen de ceibar un berro, mais tivo a ocorrencia de abanear a árbore e os animais deron en




A loba dando de mamar a Rómulo e Remo

correr tras da sombra del ata acabar desfalecidos. Xa preto da mañá, tamén cansiño de tanto puxar dun lado para outro, sentiu ladrar os cans que batían nos lobos e puido ceibar un asubío, logo berrou canto puido e agardou que o viñeran baixar os homes da aldea, porque el estaba abrazado ó freixo e non era quen de se soltar.

Outros contaban as moitas maneiras que había de cazar lobos; das súas loitas en tempo de celo, da maneira que tiñan de chamar polos compañeiros cando precisaban deles...

Tampouco faltaban os contos de nenos criados por unha loba e de



Xogos, loitas e ouveos do lobo



homes (nunca mulleres) que se transformaban en lobos cando a fase da lúa e a conxunción dos astros eran propicios.

O mito do home-lobo estendeuse na Idade Media e perdurou ó longo do tempo ata hoxe. Naquela época cometíanse gran cantidade de crimes sádicos e sexuais que sempre se atribuían a seres sobrenaturais, debido á superstición e tamén ó medo da xente.

Quizais por esa razón resulta curioso comparar eses delitos cos de tipo sexual cometidos polos criminais contemporáneos, pois vemos que as violacións e os asasinatos que se atribuían ós homes-lobo son exactamente iguais ós de hoxe en día.

En psiquiatría, a licantrópía é tan só unha enfermidade mental con tendencia caníbal na que o enfermo imaxina estar transformado en lobo e incluso imita os seus ouveos, con tendencia a negarse a comer outro alimento que non sexa carne crúa e ben sangrante. Estes enfermos sofren de histerismo con alucinacións, ideas deli-



rantes e cambios da personalidade, non sendo capaces de xebrar a realidade do imaxinado.

Na época das bruxas, ademais, contribuíron a espallar o mito algúns psicóticos e outros enfermos mentais como esquizofrénicos, sádicos, necrófilos e psicópatas que en moitas ocasións terían acudido á licantrópía para dar saída ós seus delirios ou ós seus instintos morbosos. Estes personaxes aseguraban poder transformarse en lobo, e que nas noites de lúa chea o seu corpo se cubría de pelo, os seus dentes transformábanse en caninos e as unllas medraban ata se converter en poutas. Ó pouco tempo atopábanse vagando polas rúas axexando a unha vítima á cal atacarían, morderían e nalgúns ocasións desgarrarían e incluso comerían cachos do seu corpo...

Hoxe tamén son coñecidas outro



Algúns homes soñan que se converten en lobo



O home-lobo de Allariz

tipo de enfermidades que poderían explicar parte da licantropía, como a porfiria conxénita. Esta caracterízase por problemas cutáneos, fotosensibilidade e depósitos de porfina, un pigmento dos glóbulos vermellos que avermellan os dentes e mais a ouriña, dando a impresión que o enfermo bebeu sangue.

Outras enfermidades como a hipertrichosis ou o hirsutismo, provocan o crecemento desmesurado do cabelo por todo o corpo incluída a face, que se ben hoxe as interpretamos como enfermidades hereditarias, antano a superstición inducía ós pacientes a crer que se converteran en bestas...

Por outra banda, ó longo da historia xurdiron algúns criminais considerados «homes-lobo» polas súas afeccións caníbales á hora de matar unha vítima. Entón, se os crimes e a violencia do licántropo son reais e existiron dende o

século XV, ¿é a explicación do fenómeno a que está equivocada desde entón?

### **Manuel Blanco Romasanta: «O Home Lobo de Allariz»**

No Arquivo Histórico do Reino de Galicia consérvase un insólito proceso xudicial baixo a referencia «Causa 1788, do home-lobo», datado no ano 1852.

Este curioso documento consta de 2000 páxinas de texto manuscrito, e recolle a sentenza contra un dos asasinados máis coñecidos na historia do crime español. Neste proceso, o único coñecido en que se xulga e se condena legalmente a un personaxe tratándoo abertamente de «lobo», interveu a mesma raíña Isabel II...

O home do que estamos a falar era Manuel Blanco Romasanta, de 42 anos de idade, aparencia agradable, coñecido e apreciado polos veciños de Allariz (Ourense). El dedicábase á venda ambulante entre Galicia e Portugal, ademais de ser un gran coñecedor dos bosques da rexión e axudar ós viaxeiros a atravesar as montañas desde Galicia a León, Asturias e Cantabria.

As dúas primeiras vítimas, nai e filla, de 47 e 17 anos, faleceron no ano 1846. Elas dispuxeron abandonar o seu pobo natal e ir cara a Santander, onde esperaban atopar un emprego e mellores condicións de vida, lonxe do duro traballo no campo. Acordaron que Romasanta as acompañase na viaxe, e os tres se puxeron en camiño. A señora deixábase guiar en silencio, confiando

plenamente naquel home tan agradable e servicial, sen imaxinar sequera o que ocorrería unha vez metidos nun daqueles frondosos bosques galegos...

De súpeto, Manuel Romasanta detense sacudido por un calafrío e movementos espasmódicos. Comeza a golsar unha escuma espesa contraendo a boca coma se a súa mandíbula estivera a se desencaixar, cos ollos inexpressivos e mirada perdida, mentres que as dúas mulleres non atinan máis que a miralo, asustadas, atrecidas. De súpeto, sen lles dar tempo a reaccionar, bótase enriba da nai ruxindo salvaxemente, e o mesmo que unha besta mór-delle o colo.

Excitado polo sabor do sangue que comezaba a manar da ferida segue a dilacerar a pel da señora ata que cae morta. Acto seguido lánzase riba da filla, que permanecía hipnotizada observando a escena entre bágoas, sen ser quen de se mover. Unha vez morta tamén esta, oculta o que queda dos cadáveres entre uns matos, e como se non houbera pasado nada, métese no bosque, onde permanece varios días antes de regresar ó pobo.



O lobo excitado, ollando a súa presa

Cando volve, conta unha historia ós familiares das vítimas:

«Están felices as dúas, sempre que as vexo todo é un dar-me gracias por habelas levado a Santander. Bos amos, boa comida, e ata bo tempo, que o salitre do mar é sempre mellor ca humidade e a friaxe destes montes...»

Non tardou en convencer a máis mulleres para que seguiran o mesmo camiño cas dúas «afortunadas», emigrar a Cantabria, onde o nivel de vida é moi próspero e os máis adiñeirados buscan mozas para telas nas súas casas como serventas. Así, outras veciñas se farían acompañar do guía nas súas viaxes, á procura dunha boa colocación.

Os seguintes serían unha señora de 34 anos e o seu fillo. Anque desconfiando en parte porque só tiñan as noticias oídas a Romasanta e non da mesma veciña. Ó cabo termina por convencerse, vende o pouco que posuía e lánzase á aventura...

Como sucedera coas outras dúas, nun lugar do bosque con vexetación espesa o guía comeza a comportarse de forma estraña. Insiste para que se deteñan a «comer algo» (nunca mellor dito). Acende o lume, e como xa era noite propón que durman un pouco a carón do lume. Evidentemente, el non tiña intención de durmir, pero si de espreitar os movementos dos seus acompañantes. Estivo axexando un bo pouco, notándose cada vez máis excitado, ata que chegou o momento que lle pareceu propicio, entón ergueuse sen facer ruído e sacando un coitelo do



zurrón que lle colgaba do ombro, asesta unha coitelada mortal no corazón da muller. Fixo o mesmo co neno que durmía sen decatarse de nada. Logo, vítima de novas convulsións, dedicouse a dilacerar os corpos cos dentes e a beberlo sangue que saía das feridas, rematando a carnicería con novas coiteladas nos colos sen vida. Despois rexistra os petos das vítimas e rouba os poucos cartos que levaban; logo oculta os cadáveres e senta para beber un grollo de viño que levaba na bota, finalmente deitouse a durmir a pé do lume, como se nada houbera ocorrido.

A mesma sorte correrían cinco persoas máis, todas mulleres e nenos, que partían na procura de mellores condicións de vida.

Como os anos pasaban e os familiares non volvían ter noticias, máis que o que Romasanta contaba, empezaron a correr rumores por todo o pobo de que os viaxantes foran asasinados. As sospeitas, que evidentemente xiraban arredor do guía, resultarían fundadas cando un veciño dixo que sempre vira a Romasanta viaxar só, sen rastro das mulleres nin dos nenos. Logo pasou de ser sospeitoso de nove crimes a converterse en acusado. Pero liscou do lugar antes de que o consigan deter.

Abandonou Galicia e foise a unha vila de Toledo, onde estivo traballando como segador ata que foi recoñecido e denunciado en xullo de 1852 por un veciño. O alcalde desa localidade dicta un auto de detención no que se lle acusa dos nove crimes, ademais de roubos nas casas das vítimas para vender logo os

obxectos nos mercados do lugar. Un mes máis tarde foi conducido á prisión de Allariz, onde confesa cunha estremeceadora frialdade e con todo luxo de detalles, como asasinou e devorou a doce persoas nos bosques galegos.



«Todo foi por culpa dunha maldición de un dos meus parentes, ou quizais dos meus pais —dixo—, o caso é que me convertía en lobo. Sentía aquel desacougo, unha carraxe que me facía tolear, comezaba por quitar a roupa, esmequellándoa, logo a me revolquiñar polo chan ata que ía tomando forma de lobo... Coido que a maldición terminará o día de San Pedro, cando se cumpran trece anos dende a primeira metamorfose...»

Acto seguido, o asombrado xuíz ordena ós médicos realizar un recoñecemento psiquiátrico ó acusado, para determinar o seu estado mental. Tres médicos e dous cirurxiáns emitirían un informe:

«O acusado pretende facerse pasar por un ser fatal e misterioso, un xenio do mal, lanzado por Deus nun mundo que non é o seu, que foi creado polo mal alleo, el é impelido pola forza oculta dunha lei irresistible, en virtude da cal cumpre o seu fatídico e tenebroso destino...»

Na persoa hai dous fundamentos de

facultades: o cerebro, para as do entendemento, e as vísceras para os arrinques ou ímpetos, e da ocorrencia de ambas orixes resulta un terceiro estado potente e temible: esaxeradas estas facultades producen efectos diversos proporcionais á súa orixe, e na terceira o concurso de ambas tornan á persoa parva ou tola. A licantropía pertence á terceira, por iso se presta especial atención ó exame do estado visceral do reo así como da craneoscopia...

Non se presenta no organismo do detido nin sinais amnésicas, nin causas nin motivos actuais capaces de dar orixe a perturbacións violentas da intelixencia. As inclinacións que del poden inferirse, non son suficientes para explicar por suposta licantropía, nin os actos que inducen son coactivos e invencibles, polo que Manuel Blanco Romasanta obra con libre albedrío, coñecemento e fin moral...

A súa inclinación ó vicio é voluntaria e non forzosa. O procesado non é tolo, nin imbécil, nin monomaniaco, nin o foi nin o logrará ser mentres estea preso, e polo contrario resulta que é un perverso, un consumado criminal capaz de todo, frío e sereno, sen bondade e con albedrío, liberdade e coñecemento. O obxecto moral que se propoñía era o interese. A súa confesión explícita foi efecto da sorpresa, crendo que todo estaba descuberto. A súa exculpación é un subterfuxio. Os actos de piedade, argucia sacrílega. A súa metamorfose, un sarcasmo...»

O xuízo contra o Home-Lobo dura aproximadamente un ano, tras o cal, o 6 de abril de 1853 emítese unha sentenza

de morte polo xuíz de Allariz, que o condena a garrote vil e a unha indemnización de 1000 reais por cada vítima. Sen embargo, a sorte estaría do seu lado, pois antes da execución, un hipnólogo francés que seguira o caso do Home-Lobo, envía unha carta ó ministro de Gracia e Xustiza afirmando que Romasanta era un afectado dunha monomanía coñecida como licantropía, e que debido a un desorde das funcións do seu cerebro non era responsable dos seus actos. Di que a través da hipnose el mesmo tiña tratado esa enfermidade con algúns dos seus pacientes, polo que pide que non se execute a sentenza e que se lle permita estudar o caso.

Ó mesmo tempo, a defensa do acusado protesta que non se pode asegurar rotundamente que o verdadeiro asasino fora Romasanta, alegando con razón, que non é suficiente unha confesión para xustificar un delicto. E en efecto, como nada proba que o home matase realmente ás vítimas, mandan unha carta á raíña Isabel II para que a causa sexa revisada polo Tribunal Supremo de Xustiza.

En consecuencia, a raíña firma unha orde que libra a Romasanta da pena capital, reducíndose esta a unha menor como era a condena a cadea perpetua.



## Historias na media noite

Maeba García Sanchez (Santiago de Compostela)

Nos tempos antigos considerábase que Galicia era unha terra chea de trasnos e habitada por meigas, demos e outros seres polo estilo, supoño que por iso se inventou a frase de "habelas hailas". A verdade é que unha non cre nestas cousas, pero o colmo é que che digan que na túa cidade, nesa que naciches e agora vives hai unha porta que conduce ó inferno; xa sei que é difícil de crer, a ninguén lle fai gracia ter diante da súa casa un portal que conduce ás tebras, e dito desta maneira resulta imposible.

Segundo contan os vellos había tantas portas como catedrais temos hoxe, seguramente non imaxinarás a relación, pero para moita xente a cousa está ben clara: «Deus tiña unha serie de portas ciscadas por todo Galicia, antiga terra das tebras, ou como outros entendidos din *o inferno*», (sinceramente cústame moito crer que Galicia fose inferno, ¿a ti non?), o caso é que había dúas portas, se non me trabuco, e por elas podían entrar tanto deuses como demos. Difícil é crer que existían tales portas. O que din que pasou, cando o home camiñaba xa erguido, é que Deus se fartou de que Satán andase entrando e saíndo sen pedirlle permiso a ninguén. O Todopoderoso decidiu pechar a porta, e que mellor maneira que cun elemento clave na nosa terra: Os ósos do Apóstolo Santiago, matamouros. Pois si, esa é a chave. Acouga,

con tempo e moita paciencia todo se entenderá. A min custoume moito, pero aquí me tés.

A quen non lle é tarefa fácil de crer todas estas cousas que che acabo de contar é a un crego. ¿Como pensas ti que o tomaría? Imaxina que un día apareces na sancristía berrando que acabas de ver a un lobishome...

Probablemente, e se puidese facelo, excomungaríate, pero, ti, un ser crente que vai todos os domingos (e xa non falemos de cando é festa) á misa, ti, ¿como vas crer en trasnos, meigas, demiños e así? Non, non viviches ningunha destas cousas, aínda que estás nunha terra habitada por miles destes seres. Pero ti non coñeces esta parte de Galicia, a Galicia no estado máis puro, a auténtica, a única, Galicia terra mítica. Fíxate, a palabra xa o di.

Imaxina... Indo un día pola fraga escoitas un ouveo penetrando no teu oído como o ruxido máis agudo, meténdose aí e non querendo saír. O primeiro que vén á mente é a imaxe dun lobo, pensas que é algo normal, nunha fraga... De repente pensas: «¿E se non fose un lobo...?» Ti toleas, poderíasme contestar, pero... ¿e se eu che digo que iso que ti escoitas e que vén cara a ti non é tal lobo, senón outro ser chamado lobishome...? Agora si, agora decátaste e por




iso saes correndo. Por moito que corras non has chegar antes, pero, tranquilo, acouga, colle folgos e senta, non che vai facer nada, non é real, ¿ou si? Iso nunca o saberás, pero se lle preguntas á avoa dirache que non sabe que aspecto ten, iso é certo, seguro que ela nunca tivo a oportunidade de estar preto de un. Pero eu non cho aconsello (poden morder), iso é o que din, pero non che faría mal saber como son, aínda que non te culpo por non sabelo, algún día has ter a oportunidade de ver un. Nunca se sabe.

O que deberías facer é ir dar unha volta e coñecer a túa terra, déixate de videoxogos e internet, que non conducen a nada. Aprende observando, preguntalle á avoa, con gusto che dirá o

que queres. Observa, observa como o cabelo dourado dun rapaz brilla cos últimos raios do sol, como as pólas da carballa centenaria se abanean acompañadas pola brisa do verán. Como a luz da grande bola de fogo se esconde entre os vales afastados, deixando paso á escuridade fría da noite, na que o camiñante se guía pola feble luz das estrelas e do coitelo de prata.

Observa a terra, o mar, adquiere coñecementos, en definitiva... Vive...

Aprovéitase das cousas boas que ten a vida, unha das cales é o pasado, mitolóxico no noso caso. Por certo, terás que aprender a distinguir as meigas... ¿Quen che di que non convives con unha... ou que falas con unha delas...?



## O segredo do avó

---

M<sup>a</sup> Luisa Campillo

---

Cando aquela noite petaron na porta, ninguén fixo caso daquela chamada. Era unha noite de treboada e lóstregos que non deixaban durmir a ninguén e aqueles tombos quediños foron afogados por un lóstrego asubiante que fixo retombar todos os cristais das xanelas. Despois a noite volveu a quedar por un intre nunha calma ameazante. Foi entón, cando de novo petaron e xa non quedou dúbida ninguna de que alguén estaba a chamar.

O primeiro que escoitei foron os pés do meu avó que arrastraba unhas chinelas polo corredor adiante. As chamadas, esta vez máis insistentes volveron a soar na casa e a voz do meu avó con un “xa vou”, esta vez nas escaleiras, fixo calar aquela chamada agustiosa por un intre. Seguín a escoitar os pasos do meu avó nas vellas escaleiras e xa non podendo aturar a miña curiosidade saín ó corredor e mirei cara a abaixo polo oco das escaleiras. O meu avó, cun candeeiro na man, xa chegara á soleira e ficaba varado diante da porta coma dubidando.

Naquel intre, escoitouse un berro arrepiante e as chamadas xa non tiveron vagar. O meu avó abriu a porta e viu unha sombra que se lle botaba derriba, mentres repetía unha e outra vez: “Axúdame, axúdame”.

Estrañoume que o avó non lle res-

pondese e que non tirase daquela sombra para a cociña. Baixei as catro escaleiras que separaban a miña alcoba da dos meus avós e, ó pasar por diante dela, un lóstrego alumeou a cara da miña avoa que durmía allea a todo. Lembro que pensei que era unha beizón que a avoa fose xorda, pois estaba seguro que o que estaba a ocorrer lle era totalmente alleo. Non sei qué foi o que encendeu unha luz no meu maxín que me dicía que o avó gardaba un grande segredo. O corazón púxose a galopar no meu peito coma se fose a estoupar. Seguín polo corredor adiante, paseniño e baixei as escaleiras ata a soleira. Trala porta da cociña oíanse voces quedas. Non había dúbida, era unha muller a que estaba a falar. Peguei a orella á porta e, aínda que eu sabía que aquilo non estaba ben, o que se estaba a falar mantíñame pegado a ela. A muller choraba e pregáballe ó avó que a protexese, mentres o avó lle repetía que xa non se podía facer nada, que o que ía ocorrer ocorrería pola súa mala cabeza, por non saber gardar os segredos. A muller seguía a pregar e a chorar. De súpeto, calou coma se sospeitase que alguén estaba a escoitar. Corrí polas escaleiras sen poder aturar a angustia que apertaba o meu peito e tirado sobre aquela cama chorei por todo o que escoitara aquela noite. Tiña o corazón ferido. Comprendín todo o que acontecera na miña curta vida de dez anos. Entendín o porqué daquela

fuxida da casa dos meus avós cando tiña catro anos. O interese do meu pai por írmonos á cidade coa desculpa de que ían comezar na escola. Eu despedínme dos avós coa promesa de que volvería polo verán. Aquel verán alongouse seis anos nos que, a miúdo, oín rífar ós meus pais dicindo cousas que non entendín ata aquel intre. A miña inocencia quedou ferida para sempre aquela noite. Á fin a miña nai conferárelle ó meu pai o que para el era unha

sospeita desde que eu nacera. O meu avó non era o meu avó senón o meu pai e polo tanto el era o meu irmán. O que pasou despois é outra historia.

Eu hoxe vivo coa miña avoa que segue sen entender por qué o seu fillo non vai vela e por qué a miña nai desapareceu. Ela séguelle a levar flores ó avó ó cemiterio mentres repite en voz baixiña: “Estas flores son para ti e mais para os mortos que aínda viven”.



**A**lberto Xil Castro, socio do Centro Galego de Vitoria-Gasteiz e colaborador desta revista, foi galardoado co Segundo Premio «Mimosa» de Debuxo 2001 e mais co Segundo Premio «Camelia» de Pintura 2001, convocados pola Xunta de Galicia.

A nosa noraboa para este amigo e colaborador.

Desexamos que continúe traballando nesas cousas que el sabe facer tan ben: o debuxo, a pintura e mais a escultura.


## Unha viaxe polo Caribe

Rodrigo Martínez

Todo comezou naquela viaxe polo Caribe. Alí foi onde coñecín a Micaela, muller alegre e fermosa. Traballaba como guía turística ensinando ós viaxeiros coma min os lugares máis fermosos da súa terra. Pola tarde, cando remataba a súa xornada, levábame polas zonas menos turísticas pero máis esotéricas da cidade. As rúas eran angostas e nelas había postos ambulantes de bagatelas, teas de cores moi rechamantes, mulleres ofrecendo os seus servizos a cambio dunha miseria, adiviños con abalouros estraños lendo as mans. Camiñando polas beirarrúas de pedra podía observar a beleza das casas de madeira cos balcóns cheos de flores ata as ventás. Levoume ata o porto e preto do embarcadiro había unha taberna de mariñeiros. Na entrada tiña un temón pintado con cores azuis e brancas. No interior destacaban os bocois colgados do teito que contiñan bebidas xamais imaxinables. Micaela pediu dous xuriks —beberaxe moi coñecida polos vellos do lugar— e bebemos en silencio. Os pescadores que alí había falaban do tempo, das viaxes que ían facer polo mar e dos riscos ós que se

expoñían. Ó saírmos fomos paseando pola praia ata o faro. Dende alí viamos pasar os barcos mercantes, bergantíns e pesqueiros. Malia ser perigoso baixamos ata a enseada por un camiño moi estreito e pedregoso. Contoume, coa súa doce voz, que o seu soño era poder vivir nunha illa deserta coa persoa amada. Démonos unha aperta con moito agarimo e os nosos beizos xuntáronse con tenrura. Cando nos demos de conta xa era de noite, a lúa asomábase polo horizonte e había unha inmensidade de estrelas brillantes. De volta á cidade Micaela deume un colar cunha pedra preciosa para que me protexese e me dese sorte. Xamais me separei del.

Todas as tardes volviamos á nosa pequena baía pasando pola taberna dos mariñeiros e tomabamos uns xuriks coas cuncas de codia de coco. E así foron transcorrendo os días na compañía de Micaela ata o remate da viaxe. A despedida, coma todas, foi triste e os dous vertemos unhas bágoas. Desexámonos sorte mutuamente e démonos un bico inesquecible.



## Sueño paradigmático rêve paradigmatique

Gárgola centenaria, testigo de gestos y ademanes;  
;senameda y sotseg ed ogitset airanetnec alográg

Gorge pleine de mélodies,  
donde el eco apacible resuena

Ánima de un bosque humano poblado por peregrinos;  
;sonirgerep rop odalbop onamuh euqsob nu ed aminá

Alíbi magique pour celui qui aime la poésie,  
¡Pensamientos de alas blancas!, ni gimamos ni...

Límite de una tierra que el mar empuja hacia dentro;  
;ortned aicah ajupme ram le euq arreit anu ed etimíl

Liaison dangereuse pour les coeurs sensibles,  
que tierra tan feliz no halles ninguna como mi Galicia...

Invitación de akelarres, faunos y romerías;  
;saíremor y sonuaf ,serraleka ed nóicativni

Itinéraire dessiné aux sons d'une cornemuse,  
... apacible y halagüeño. Sí

Cántico del tiempo de los cantos;  
;sotnac sol ed opmeit led ocitnác

Cicatrices de la mémoire,  
no sé por qué temo al ver su ansia mortal

Iniciático lamento de un más allá de las tierras;  
;sarreit sal ed álla sám nu ed otnemal ocitáicini

Epitaphe des marins  
la paz ansiada en la apacible siesta

Alameda de sueños velados por dioses acuáticos.  
.socitáuca sesoid rop sodalev soñeus ed ademala  
yo la amo, yo la oigo... Así es mi añorada aicilag

Angela Serna «A Rosalía de Castro»

## Xogos falados

Recollido por Alberto Xil Castro

Detrás do outeiro,  
na Pedra Furada,  
había un bacelo  
que o vello plantara.

Veú a cabra  
e comeu o bacelo  
que o vello plantara  
detrás do outeiro,  
na Pedra Furada.

Veú o can  
e matou a cabra  
que comera o bacelo  
que o vello plantara  
detrás do outeiro,  
na Pedra Furada.

Veú o pao  
e matou o can  
que matara a cabra  
que comera o bacelo  
que o vello plantara  
detrás do outeiro,  
na Pedra Furada.

Veú o lume  
e queimou o pao  
que matara o can  
que matara a cabra  
que comera o bacelo  
que o vello plantara  
detrás do outeiro,  
na Pedra Furada.

Veú a auga  
e apagou o lume  
que queimara o pao  
que matara o can  
que matara a cabra  
que comera o bacelo  
que o vello plantara  
detrás do outeiro,  
na Pedra Furada.



## Medalla de Galicia 2001

A Medalla de Ouro de Galicia 2001 foille concedida á caixa de aforros **Caixa Galicia**, a primeira entidade financeira da Comunidade galega e unha das grandes caixas de España, en recoñecemento á súa implicación con Galicia. Así mesmo, o Goberno foi informado da resolución do presidente da Xunta pola que se concede a Medalla de Galicia 2001 nas súas categorías de prata e bronce.

Na categoría de prata a Medalla de Galicia foi concedida este ano, entre outras entidades e personalidades, ó **Centro Galego de Bizcaia en Barakaldo**.



A nosa noraboa a estes amigos por se facer merecedores de tal galardón.

Coas medallas de Galicia trátase de distinguir a tódalas persoas ou entidades que polos seus méritos ó

servicio da Comunidade Autónoma, en calquera aspecto da súa realidade social, cultural e económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego.

O **Centro Galego de Bizcaia en Barakaldo** foi fundado oficialmente o 24 de xuño de 1901, declarado "de utilidade pública" en 1972. O principal promotor da fundación deste centro foi Salustiano Ferreiro Carballo. Esta entidade forma parte da Irmandade de Centros Galegos de Euskadi e da Federación de Centros Rexionais en Barakaldo. No presente ano, con motivo da celebración do centenario do Centro, a Irmandade de Centros Galegos en Euskadi concedeulle a Andoriña de Prata, máximo galardón desa Institución.

